

Vivir en OLEIROS

Toda a actualidade en: www.oleiros.org

Concello de  Oleiros



**Romaría das Merendiñas,
o sábado 6 de xuño**

Páxina 15

EDUCACIÓN para ser LIBRES

O Concello de Oleiros segue a promover unha política transversal para fomentar un modelo educativo no que prime a convivencia e os valores humanos. Fronte á progresiva e dañina imposición de dispositivos electrónicos desde idades temperás nas aulas, o Goberno municipal continuará organizando todo tipo de actividades para que as mulleres e homes do futuro poidan formar unha sociedade crítica, libre, creativa, sa, educada, tolerante...

Páxina 10

**Creación
doutros
19 pisos
protexidos,
na praza da
Rabadeira**

Páxina 7





Alternativa dos Veciños

Comprometidos co futuro

A infancia e a mocidade viven cada vez máis expostas ás pantallas. Demostrado cientificamente que o uso de tecnoloxías en idades temperás provoca cadros de ansiedade, déficit de atención, illamento social ou unha dependencia patolóxica que anula a capacidade crítica dos menores; non podemos permanecer impasibles ante a Lei de educación dixital de Galicia que pretende aprobar o Partido Popular.

Pero ademais de alzar a voz e recorrer contra esa lei –xunto coas ANPA– polos graves prexuízos que se van crear sobre a saúde da infancia e a mocidade; nós seguiremos apostando con firmeza por reforzar aquilo que sempre defendimos e que nunca

se debería perder nin na escola nin na vida: a convivencia, o contacto humano, o deporte, os hábitos saudables e os espazos públicos compartidos.

Desde Alternativa dos Veciños levamos décadas impulsando políticas orientadas a promover ese modelo de comunidade. A creación e mantemento de parques, instalacións deportivas, espazos verdes, bibliotecas, programación cultural, casas da mocidade, escolas artísticas, fomento de asociacións e clubs, casas de préstamo e múltiples espazos de encontro e convivencia que responden a unha idea que sempre tivemos clara: educar non é só transmitir contidos, senón tamén construír víncu-

los, fomentar valores e favorecer relacións humanas reais.

Como os nenos, nenas, mozos e mozas van falar, xogar, correr, discutir, convivir, descubrir o mundo... se non teñen onde facelo? A diferenza da inmensa maioría dos territorios do mal chamado primeiro mundo, grazas aos equipamentos e actividades que creamos e mantemos, en Oleiros si é posible medrar e desenvolverse de maneira humana.

Non se trata nin de rexeitar a tecnoloxía, nin de negar os seus extraordinarios avances para a ciencia, a saúde, a comunicación ou a seguridade. Tamén recoñecemos a necesidade da alfabetización dixital. Pero

unha cousa é utilizar ferramentas tecnolóxicas con sentido pedagóxico e outra moi distinta converter os dispositivos electrónicos no centro do proceso educativo.

No mundo que nos toca vivir, aqueles principios que hai 50 anos emanaron do movemento veciñal e que orixinaron o nacemento da Alternativa dos Veciños están hoxe máis vixentes que nunca. Foi esa visión de futuro a que permite dispoñer hoxe deste Oleiros tan singular, garantía para que aos nosos fillos, fillas, netos e netas dispoñan do ben máis prezado que pode haber: a liberdade. Conservala depende de todas e todos nós.



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

O Grupo Municipal Popular de Oleiros propón un plan de protección da biodiversidade ante a alarmante perda de fauna no municipio

O Grupo Popular de Oleiros presentará no próximo pleno municipal unha moción para reclamar a posta en marcha dun plan integral de estudo, protección e recuperación da biodiversidade local, ante o que considera unha situación "cada vez máis preocupante" de perda de especies animais no municipio. A portavoz municipal popular, Loli Silva, advertiu de que "Oleiros está a asistir, case en silencio, a unha desaparición progresiva de boa parte da fauna que tradicionalmente formou parte da nosa contorna natural", sinalando que a redución de aves comúns como gorrións, andoriñas, birrios, paporrubios ou verderones é hoxe "máis que evidente para calquera veciño que coñeza o municipio desde hai anos". Silva subliñou tamén a práctica desaparición de mamíferos como

teixugos, ginetas, raposos ou donicelas, así como a drástica redución de pequenos réptiles e insectos, entre eles libélulas, bolboretas, avespas ou típulas, cuxa presenza "era habitual hai apenas unhas décadas e hoxe resulta excepcional". "Non estamos a falar unicamente da perda de especies concretas; estamos a falar da deterioración xeral dos nosos ecosistemas, da ruptura de equilibrios naturais e dunha transformación do territorio que está a ter consecuencias profundas sobre a biodiversidade de Oleiros", afirmou a portavoz popular. Desde o Grupo Municipal Popular considérase que a urbanización intensiva e a progresiva destrución ou fragmentación de hábitats tradicionais están detrás de boa parte desta situación. Ao mesmo tempo, algunhas especies como o xabarán aumentaron nota-

blemente a súa presenza, en parte como consecuencia da presión sobre os seus espazos naturais e a alteración das súas dinámicas ecolóxicas. Ante esta realidade, Loli Silva, defendeu que "aínda que parte do desenvolvemento urbanístico é irreversible, si estamos a tempo de frear unha maior deterioración, protexer as especies que aínda permanecen e favorecer, alí onde sexa posible, a recuperación de hábitats e de poboacións animais propias da nosa contorna". A moción presentada polo Partido Popular propón, entre outras medidas: A realización dun estudo científico rigoroso sobre a biodiversidade existente en Oleiros, avaliando o estado de conservación das especies presentes, aquelas en risco de desaparición e as xa desaparecidas do municipio, así como as causas desta situación.

A creación de zonas protexidas e corredores ecolóxicos que permitan conectar hábitats e favorecer a supervivencia de distintas especies. A restauración de espazos degradados e a posible reintrodución de especies autóctonas cando sexa viable. A posta en marcha de campañas de educación e sensibilización ambiental dirixidas á cidadanía. O impulso de programas específicos de conservación, con implicación activa de veciños, asociacións e comunidade educativa. "A defensa do medio natural non pode quedarse en discursos estéticos ou en propaganda institucional. Require coñecemento científico, planificación e vontade política real. Oleiros aínda conserva un valioso patrimonio natural, pero debemos actuar agora se queremos legalos ás próximas xeracións", concluíu Loli Silva.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

Os síntomas da agonía dun modelo que se perverteu

Conta a lenda que en Oleiros hai moitos anos se iniciou un movemento chamado Alternativa dos Veciños para organizar o desenvolvemento dun concello natural e paisaxisticamente precioso, con case todo por facer. Un movemento pensado para e cos veciños, pero foi pronto fagocitado por un tal Gelo, que aínda sobrevive daquela idea. O problema é que daquela idea e daquel Gelo non queda nada. Ao final gañaron os especuladores do ladrillo e a ambición das persoas que acabaron convertendo un proxecto veci-

ñal nunha ditadura na que un déixase querer polos promotores, mentres concelleiros e asesores calan, para levarse 934.000€/ano, o 2% de todo orzamento. Oleiros hoxe está enchendo de formigón aquelas maravillosas e extensas zonas verdes que tiña. E Gelo pasou de liderar un proxecto progresista a actuar como un autócrata de marcada deriva caciquil e trumpista. O peor é que os descendentes daqueles veciños foron expulsados da súa vila pola especulación que impide mercar unha vivenda. E por riba

saturouse a traída da auga, o saneamento e as estradas, hoxe colapsadas, son exactamente as mesmas con 40.000 persoas que cando só vivían aqueles 7000 que iniciaron o proxecto. Aqueles veciños que impulsaron o proxecto nunca imaxinaron que Gelo ía: Reducir o chan para vivenda protexida do 34 ao 6,4%, presionar a Fomento para que un promotor pegue en Sol y Mar un pelotazo de 41 millóns de €, impulsar un LIDL detrás do Che, malgastar máis de 650.000€ en ter un BMW oficial, ou 30000€ en decorar o

seu despacho, mercar semanalmente falsas "entrevistas" de pago en radios, adicar 15 millóns ao Multiusos mentres aplica o "low cost" para a limpeza nos colexios, só 9000€ para control de plagas e roedores,... desatender aos nenos e familias que precisan atención temperá...e centrarse na propaganda populista pagada cos cartos dos veciños para atornillarse no poder. Somos vítimas dun modelo de xestión caduco, no que cada día pagamos máis por ter menos.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

Sen control non hai democracia, sen democracia non hai xustiza social

Non convocar os plenos prescriptivos non é unha decisión administrativa máis. Estamos perante unha vulneración clara do espírito democrático que debería rexer calquera concello. A negativa do alcalde a convocar o pleno ordinario mensual, obrigatorio segundo a lei, non é unha cuestión de falta de asuntos nin de aforro económico, é unha decisión política consciente para silenciar a oposición e limitar o control democrático. O pleno municipal non é un simple trámite. É o

corazón da democracia local. É o espazo onde se fiscaliza o goberno, onde se escoitan as demandas veciñais, onde se formulan preguntas incómodas e onde a cidadanía, a través dos seus representantes, exerce o seu dereito a participar na vida pública. A escusa dos 125 euros por concelleira resulta especialmente grave cando se contrasta co gasto desmesurado en propaganda institucional. Non se pode falar de austeridade mentres se inviste diariamente en campañas propagandísticas a

favor do goberno e para desacreditar e insultar á oposición. Iso non é aforro nin información: iso é manipulación. Ademais, a derivación sistemática de competencias do pleno á Xunta de Goberno Local, onde só participa o executivo, supón un baleirado democrático das institucións. Limitar as mocións, recortar intervencións e evitar o debate político é, en definitiva, unha forma de gobernar de costas á cidadanía. Desde o BNG, defendemos institucións abertas,

transparentes e participativas. A democracia non pode reducirse a votar cada catro anos. Debe exercerse día a día, con debate, con control e con pluralidade. Por iso, esiximos a convocatoria inmediata dos plenos ordinarios, o respecto á legalidade vixente e a recuperación do papel central do pleno como órgano de control e representación democrática. Porque sen control, non hai democracia. E sen democracia, non hai xustiza social.

Os espazos desta páxina de opinión aberta, foron asignados segundo a representatividade de cada grupo, inspirada na Lei de bases de réxime local.

Editorial • Marxinación institucional

Desde hai xa case 5 décadas o Concello de Oleiros está a demostrar que outro modelo de xestión municipal é posible. Un proxecto político singular que só se somete ao interese xeral da cidadanía, o que incordia e molesta aos que ansían desfacer o actual Oleiros para beneficio duns poucos.

Na campaña permanente de acoso e derribo contra o Goberno municipal, ademais de embestidas xudiciais, mediáticas,... é práctica habitual tamén a asfixia institucional contra o Concello de Oleiros por parte de Estado e Xunta. Non é así no caso da Deputación porque desde o 2015 o alcalde é deputado provincial pola comarca da Coruña.

Neste momento, resulta especialmente sangrante a marxinación do Goberno da Xunta. Unha política arbitraria, caciquil e partidista que sufrimos a diario nos atascos, nos buses,... nin os nenos e nenas se salvan, con algúns agravios nos centros escolares.

A inxustiza máis flagrante dáse na mobilidade. Mentres outros municipios ven como se abren novas estradas, Oleiros é o único concello galego de máis de 30.000 habitantes que non dispón dunha conexión directa a unha autoestrada. Agás a vía Ártabra, que impulsou o Concello a través do Plan Xeral e que a Xunta non dá conectado coa AP-9 e a A-6; aquí seguimos coas mesmas estradas autonómicas desde hai 50 anos porque desde o Goberno de Santiago non se quixo acompañar o progreso e crecemento de Oleiros.

A falta histórica de investimentos provoca os actuais atascos, que se ven agravados polo nefasto transporte público. A Xunta segue a facer oídos xordos ante o gran clamor cidadán que demanda unha conexión eficiente coa Coruña e o resto da comarca.

Ese sectarismo tamén se dá na educación, cun colexio como o de Santa Cruz cun comedor nun estado absolutamente deplorable; na sanidade, negándose a dotar ao norte do municipio dun centro de saúde en condicións na Casa do Mar de Mera; ou mesmo no ámbito medioambiental, impedindo o saneamento do porto de Lorbé ou o rego do campo de golf con augas residuais depuradas, tal e como impuxo para a súa creación o Goberno municipal.

Gobernar contra un Concello é, en última instancia, gobernar contra os seus veciños, que reciben servizos de segunda ou de terceira por decisión dun despacho. A Xunta de Galicia ten a obriga de ser a administración de todos, non o comité de campaña dun partido.

Oleiros non pide privilexios, esixe o que lle corresponde por poboación. É hora de que San Caetano entenda que a lealdade institucional debe estar por riba das siglas e que o progreso de Galicia non pode permitirse deixar atrás, por puro despeito electoral, a un dos seus motores principais.



Oleiros, un concello distinto

A obra do multiusos entra na última fase

“*Xa comeza a albiscarse a calidade da novo edificio municipal que ampliará as posibilidades do municipio para acoller grandes eventos culturais e deportivos. Concertos, teatro, danza, campionatos, feiras, congresos... múltiples posibilidades inexistentes na actualidade que se abrirán no futuro coa creación desta instalación.*

Neste momento están a finalizarse os interiores do edificio. Tamén está a contratarse o mobiliario e equipamento necesario, así como a realización de obras de ordenación e acondicionamento dos accesos.



Obras de reacondicionamento no Parque José Martí

O Concello está a renovar totalmente a zona de xogos coñecida como o Rincón de Cecilia, un espazo moi singular dedicado á figura dunha pediatra exemplar que desenvolveu o seu labor en Oleiros durante moitos anos. Posteriormente, renovarase o pavimento das distintas rúas interiores do parque. O firme presenta un notable deterioro causado, principalmente, polas raíces das árbores, o que obrigará tamén á substitución de exemplares. O investimento total destas actuacións ascende a 352.000 euros.

Melloras na piscina da Fábrica

Nas próximas semanas comezará a renovación de parte da cuberta do centro cultural A Fábrica, en Perillo.

Estas obras están destinadas, principalmente, a optimizar as condicións térmicas da piscina e tamén contemplan a construción dun falso teito e melloras no lucernario. O investimento será de 146.786 euros.



Novos investimentos na rede de auga



“*Continúa en marcha o proceso de renovación das redes de abastecemento de auga máis antigas.*”

Xa están finalizadas as obras de Nós, na avenida Salvador Allende, e da Costa da Tapia, a tubaxe xeral de entrada ao municipio. En breve rematarase o tramo Oleiros- A Pezoca e nos próximos días iniciarase tamén a conexión desde o depósito da Edreira ata Oleiros. Ademais, no presente ano finalizarase a renovación da tubería xeral de Montrove, desde Lamastelle ata Perillo, e a rúa Talagra, en Dorneda.

Executaranse máis obras de substitución de tuberías con cargo á empresa municipal AquaOleiros: rúas Anduriñas, do Campo, Benito Vicetto e Cruceira. Tamén se vai renovar por completo a rede na zona do Couto, en Dorneda, e iniciarase o cambio da rede xeral de Mera, desde o depósito de Breixo. O investimento total de todas estas actuacións supera os 5 millóns de euros.



Renovación da rede de sanemanto en Santa Cruz

A primeira fase das obras de renovación da rede de saneamento do centro de Santa Cruz está en execución. En concreto realízase o tramo entre a praza Esther Pita e o Preludio, cun investimento de 153.236 euros. Desta maneira evítanse os episodios de asolagamento puntuais que se producen os días de intensas chuvias, debido ás conexións ilegais á rede de saneamento dalgunhas vivendas.

Reparación do noiro e do muro de Naval



Ademais de reconstruír e fortalecer as bases do muro destruído polos temporais, colocáronse uns grandes bloques de formigón para asegurar o terreo.

Como consecuencia dos fortes e persistentes temporais deste inverno, partiuse o muro que construíu o Concello no 1987, producíndose un importante desprendemento de terra, duns 500 metros, polo que urxía realizar esta obra. O investimento é de 142.326,41 euros, que o Concello reclamará a Costas por non tratarse dunha competencia municipal.

Rematada a obra da rúa Álamos



Finalizaron os traballos de reurbanización completa da rúa Álamos, en Perillo. Proximamente executarase tamén a reforma da rúa Sauces, para deixar toda a zona en óptimo estado.

Proceduese ao asfaltado, dotación de beirarrúas nos tramos inexistentes, renovación das canalizacións de pluviais e mellora da eficiencia enerxética da iluminación pública. O investimento foi de 224.709,80 euros.

Novos espazos públicos en Oleiros

Dos 60.000 metros da nova urbanización da Pezoca, máis da metade pasarán a ser públicos.

Desta maneira, ordenaranse mellor os accesos ao centro de saúde, creando máis aparcamentos e abríranse novas zonas verdes, reservando exclusivamente unha parte para ampliar a zona de recreo do Colexio Rabadeira. Con esta urbanización, de forma anticipada, tamén se acadou o solo necesario para a construción do centro médico e permitiu a apertura da circunvalación de Oleiros, que conecta coa vía Ártabra.



O Concello destinará 2,4 millóns á renovación integral da zona de Cavamontes, en Perillo

Nas próximas semanas procederase á licitación dunha obra, financiada con fondos EDIL, coa que se renovarán por completo as rúas Kenia, Pombal, Somalia, Etiopía, Nelson Mandela, Angola, Mauritania, Zaire, Golpa e a rúa Nova para crear máis espazos peonís, mellorar zonas verdes e reordenar o tráfico. O proxecto inclúe nunha segunda fase a reforma integral do mercado municipal.

Malia algunhas melloras puntuais realizadas nos últimos anos, o Goberno municipal considera prioritario acometer unha renovación total para adaptar a contorna aos actuais estándares de mobilidade e calidade urbana. O investimento centrarase en converter estas vías en espazos máis habitables. Entre as medidas previstas destacan: a ampliación de beirarrúas para dispoñer de espazos máis grandes e seguros para o tránsito peonil; unha reordenación da circulación, establecendo direccións únicas que permitirán gañar espazo para ampliar as prazas de aparcadoiro; melloras estéticas e ambientais mediante a renovación total dos pavimentos, renovación e ampliación das zonas verdes e modernización do sistema de iluminación pública.

Proximamente o Concello convocará unha asemblea informativa para todos os veciños e veciñas das rúas afectadas, así como ás distintas persoas propietarias de negocios e comercios, para informar pormenorizadamente do proxecto.



Outros 19 novos pisos de protección, no centro de Oleiros

“As persoas interesadas poderán solicitarlos mediante a Sede electrónica

Mentres Xunta e Estado –as administracións con competencias en vivenda– continúan sen resolver o grave problema existente en toda a xeografía española para comprar un piso, o Concello segue coa súa política de formación de cooperativas para poñer a disposición dos veciños e veciñas pisos máis baratos que os de venda libre.

O solo no que se construírán estas 19 novas vivendas, situado na praza da Rabadeira, foi acadado gratuitamente pola xestión urbanística que realiza o Goberno municipal, que garante un crecemento ordenado e sostible do territorio. Desta maneira, ademais de promover a construción de vivendas a prezos inferiores aos de mercado para familias de Oleiros, o Concello obtén recursos económicos para mellorar os servizos públicos e executar novas obras.



■ Ademais destes 19 pisos da praza da Rabadeira, están en construción outras 148 vivendas nas localidades de Perillo, Xaz e Mera.

PREZOS

Estas novas vivendas contarán con 2 e 3 habitacións e saíran á venda aos prezos oficiais que marca a Xunta de Galicia. Terán preferencia no acceso as persoas empadroadas en Oleiros e, no caso de quedar vacantes, poderán optar persoas doutros concellos.

Proximamente celebrarase unha asemblea informativa á que se convocará a todas as persoas inscritas. Nese acto celebrarase un sorteo público que determinará a orde segundo a que se irá chamando ás persoas que desexen adquirir unha destas vivendas.

Próxima demolición do edificio da antiga Opel



Tras diversas xestións por parte do Concello, está previsto a demolición das antigas instalacións da Opel nas próximas semanas. Existía unha forte preocupación entre os veciños e veciñas da rúa das Garridas polo estado de abandono do edificio, incrementado por un incendio que non foi a máis grazas á rápida intervención do Servizo Municipal de Emerxencias.

Vivenda en ruínas no Carballo



Os restos desta antiga casa, na confluencia entre a N-VI e a rúa Manuel Murguía, ten aberto expediente de ruína polo seu impresentable estado de conservación. O Concello está a avanzar nos diversos trámites administrativos que establece a lei para proceder á súa eliminación. En caso de non actuar os propietarios, ademais da correspondente sanción, deberán tamén pagar os custos da demolición que efectuaría o Concello.

O Supremo dá a razón ao Concello na denuncia contra a planta de residuos no peirao de Oza



O Tribunal Supremo acordou inadmitir o recurso de casación interposto pola Xunta de Galicia contra a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que recoñecera que o Concello de Oleiros si está lexitimado para impugnar a autorización outorgada pola Xunta á planta de tratamento de aceites e hidrocarburos no Porto de Oza. Agora a Consellería de Medio Ambiente terá que resolver o recurso interposto polo Concello, que inicialmente fora inadmitido; ademais de ter que pagar as custas xudiciais.

O Concello demandaba que se anulase a autorización ambiental outorgada a LIM-POIL, por ser contraria a dereito, alegando que a localización inadecuada (en plena ría, próxima a praias e zonas de interese ambiental e pesqueiro), existencia de deficiencias na avaliación ambiental (simplificada e sen informes suficientes), carencia de protocolos de seguridade, medidas preventivas e xestión de augas residuais, e falta de rigor na análise dos efectos socioeconómicos e ambientais. Con esta sentenza xudicial ordénase á adminis-

tración autonómica a que se pronuncie expresamente sobre o fondo destas alegacións.

Esta mesma empresa xa fora denunciada en 2002 ante os tribunais polo Concello de Oleiros porque os vertidos que recollía nas augas do porto (restos de aceite, combustibles etc) eran derramados posteriormente nunha nave situada en Icaria, a través da rede de sumidoiros municipal.



Novas sancións por incumprir as normas do lixo

O Concello continúa a abrir expedientes sancionadores a persoas que incumpren as normas para o depósito do lixo. Semanas atrás foron identificados 5 individuos por depositar unha importante cantidade de cartóns nas inmediacións da zona de contedores de Beiramar, en Perillo. Grazas á colaboración veciñal, tamén foi identificada unha sexta persoa, na zona do Seixo, deixando mobles vellos xunto a unha zona de contedores.

En caso de observar a algunha persoa infrinxindo as normas do lixo, o Concello solicita que se chame á Policía Local: 981 610 001.

Colaboración cidadá ante roubos de cable no alumeado público

Durante as últimas semanas producíronse diversos roubos de cable de cobre dos alumeados públicos. Para evitar novos roubos o Concello solicita que os veciños chamen á Policía Local -981 610 001- en caso de ver algunha persoa actuando nas inmediacións das farolas municipais.

Repoñer o cableado substraído ten un custo de máis de 21.000 euros, impedindo o uso deses recursos económicos noutras actuacións previstas. Aínda que o Concello está procedendo a actuar de inmediato, poden producirse problemas de iluminación nalgunhas rúas.

A Xunta di **NON**



“ A Directora Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia comunicou que non se atenderán ningunha das melloras do transporte público solicitadas polo Concello de Oleiros. Nunha insultante xuntanza, a Directora Xeral afirmou que en Oleiros a “demanda está atendida” e que existe un “cumprimento dos servizos do 99%”, desestimando todas as peticións realizadas en reiteradas ocasións desde o 2024.

NON aos veciños de Nós

Rexeitada a proposta de que liña Entrexardíns - O Seixal se prolongue ata a Igrexa de Nós.

NON aos veciños de Dorneda

Negativa á creación de novas liñas para atender as zonas de Franzomel, Abeleiras e Xaz.

NON aos veciños de Lorbé, Dexo, Mera, Santa Cruz e Perillo

Continuará a saturación dos buses ao negarse a reforzar as liñas, nin tan sequera en horas punta.

NON aos veciños de Montrove, Oleiros e Iñás

A capitalidade do municipio e Montrove non terán frecuencias cada 20 minutos e o polígono de Iñás continuará coas mesmas conexións.

NON aos veciños de Perillo

Denegan a autorización para que o bus urbano 1-A da Coruña teña unha parada en Santa Cristina.

NON aos universitarios

Tampouco se creará a liña entre Perillo e a Universidade; cando Arteixo, Culleredo e Cambre si dispoñen deste servizo.

...SI á empresa concesionaria

A verdadeira preocupación da Xunta non é prestar un servizo de transporte nas mellores condicións senón garantir o máximo beneficio económico da empresa concesionaria á que lle outorgaron a contrato.

Volcados coa educación

“ Cada día, entre 4 e 5 clases dos centros de ensino público de Oleiros realizan distintas actividades dentro e fóra das aulas organizadas e financiadas polo Concello. O Goberno municipal actúa desde o convencemento de que á marxe da educación curricular, hai que inculcar valores e principios para construír unha sociedade crítica, libre, creativa, sa, educada...”



O Concello defende un modelo educativo baseado no contacto humano, o papel e a interacción real, promovendo numerosas actividades como excursións, deportes, concertos, hortas escolares, danza, visitas ás bibliotecas, programas de prevención das adiccións, mediación para resolver conflitos, alimentación saudable, igualdade de xénero, educación afectivo sexual, uso de novas tecnoloxías... En total, 1 millón de euros de investimento municipal para elevar a educación dos nenos e nenas.

Lei de educación dixital: a Xunta ignora os estudos científicos sobre o uso de tecnoloxía

O Concello de Oleiros, xunto coas ANPA, alegou contra o proxecto de Lei de educación dixital que pretende aprobar a Xunta de Galicia e que causará graves prexuízos sobre a saúde mental e física da infancia e mocidade. Demostrados cientificamente os efectos adversos do uso de pantallas e tecnoloxías en idades temperás; é indignante que con esta futura lei, entre outras aberracións, se lles vaia poñer correo electrónico a nenas e nenos de 10 anos.

A exposición a dispositivos tecnolóxicos nas aulas non é un avance, senón un retroceso pedagóxico que está a xerar graves prexuízos: cadros de ansiedade, déficit de atención, illamento social e unha dependencia patolóxica que anula a capacidade crítica dos menores.

Persiste o abandono do comedor do Parga Pondal

Continúa sen realizarse por parte da Xunta de Galicia as obras de reforma do comedor do Colexio Isidro Parga Pondal de Santa Cruz. Despois de numerosas demandas por parte do Concello e da ANPA, a Xunta comprometérase a reformar o comedor durante o pasado verán pero ata o momento non o fixo.

Reclamada a renovación das ventás do Luis Seoane

Técnicos do Concello redactaron un informe para remitir á Consellería de Educación ante algunhas necesidades existentes no CEIP Luis Seoane que a Xunta ata o momento non atendeu. A actuación máis urxente neste momento é o cambio de todas as ventás, que non foron renovadas desde a inauguración do colexio no ano 1.982 e se atopan nun estado lamentable.

Próximo envío dun contedor con material sanitario e educativo a Cuba

“O Goberno municipal vai romper unha vez máis o bloqueo total decretado polos Estados Unidos contra o pobo Cuba. Nos vindeiros días sairá un contedor vía marítima ata La Habana cargado de material sanitario, educativo e outros artigos de primeira necesidade que hospitais galegos, ONG, distintas entidades e persoas a título individual fixeron chegar ao Concello de Oleiros.

O presidente dos Estados Unidos, Donald Trump, está a perpetrar un xenocidio contra o pobo cubano e ameaza cunha invasión militar. O total bloqueo comercial e económico decretado polos Estados Unidos para intentar derrotar a un Goberno que non lle é afín, vai camiño de condenar á miseria e matar de fame e enfermidades a millóns de persoas. O mesmo que fixeron con bombas en Gaza o están facendo agora en Cuba, pero sen armas.

Esta situación é ademais especialmente dolorosa para Galicia, pois o pobo cubano non é só un pobo amigo, senón que é un pobo irmán polo que a sangue galega corre polas venas de milleiros de cidadáns, descendentes de emigrantes



Cooperación cun proxecto de formación sanitaria en Senegal

O Concello financiou con 2.400 euros o proxecto da ONG Solidariedade Galega en Senegal no que dous médicos viaxaron ata o país africano para realizar unha formación sanitaria coa que contribuír a mellorar a seguridade dos profesionais dedicados á pesca artesanal por inmersión, actualmente cuns índices moi elevados de siniestralidade e mortalidade laboral. Os doutores Salvador Fojón e Jesús Herranz, especialistas en medicina subacuática e cunha ampla experiencia, instruíron aos mergulladores senegaleses para facer máis segura a súa profesión.

As clases teóricas e prácticas desenvolvéronse entre o 2 e o 9 de maio nas instalacións que a ONGD coruñesa Ecodesarrollo Gaia posúe en Yoff: o centro "Escola Coruña", un espazo de referencia para a educación e formación de poboación con escasos recursos.



Oportunidades educativas para todas as idades en Guinea-Bissau



A educación é a base para o desenvolvemento das comunidades en calquera lugar do mundo e así o entende o Concello de Oleiros que, como parte activa do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, contribuíu á construción dunha escola en Guinea-Bissau. Máis de 200 estudantes da illa de Pecixe, de entre 4 e 18 anos, poderán asistir ás aulas en quendas de mañá e tarde, ampliando así as súas opcións de futuro.

Pero as oportunidades educativas para as e os habitantes da remota aldea de Pessangue non rematan aquí. Unha vez instalada a infraestrutura, agora son as persoas adultas as que tamén queren formarse. Deste xeito, o centro construído o ano pasado estase a dotar neste 2026 con mobiliario, materiais pedagóxicos e paneis solares para poder impartir clase á noite, que é cando esta franxa de poboación ten máis dispoñibilidade.

Nas próximas semanas prevese que sexa implementado o programa de alfabetización nocturna para persoas adultas, co obxectivo de combater os elevados índices de analfabetismo e favorecer a inclusión social nunha zona caracterizada polo illamento e a alta vulnerabilidade. A escola convértese así nun espazo central non só de aprendizaxe, senón tamén de desenvolvemento comunitario.

Oleiros conta na Deputación: 27 millóns en 11 anos

A xestión do alcalde como deputado é clave

Na presente lexislatura o Concello obtivo 10,3 millóns de euros da Deputación da Coruña. Ademais dos fondos que lle corresponden a cada municipio a través dos distintos plans, a xestión e traballo político do alcalde no organismo provincial

permitiu que Oleiros recibise importantes recursos económicos extraordinarios, así como a realización da obra da avenida de Santa Cristina. Tamén volveron mellorar e incrementarse para este ano as subvencións para as entidades.

POLÍTICA en maiúsculas



O diálogo e o respecto mutuo entre o presidente da Deputación, Valentín González Formoso, e o alcalde, Ángel García Seoane, está a ser determinante para que por parte do organismo provincial se conceda o trato que lle corresponde ao 4º municipio de máis poboación da provincia, líder en indicadores sociais, culturais, deportivos e humanos.

Ese rostro serio e conciliador do PSOE na Deputación contrasta coa posición do PSOE de Oleiros, que a pesar de obter o peor resultado da súa historia nas pasadas eleccións municipais continúa instalado na destrución, a difamación e as malas artes para facer oposición.

Cambiaron as tornas

Especialmente durante a etapa do PP con Diego Calvo como presidente provincial, o Concello de Oleiros sufriu un boicot continuado na recepción dos fondos económicos que correspondían en base a criterios obxectivos tales como poboación, presión

fiscal, extensión territorial... A situación mudou no 2015, desde que o alcalde Ángel García Seoane exerce como deputado provincial de Alternativa dos Veciños. Nas dúas pasadas lexislaturas (período 2015-2023) Oleiros obtivo 17,4 millóns de euros.

LEXISLATURA 2015-2019: 9.318.155,94 €

LEXISLATURA 2019-2023: 8.148.766,45 €

ACTUAL LEXISLATURA: 10.368.447,78 €

Rúa do Souto



Notable mellora da rede viaria

Dados os problemas de mobilidade existentes en Oleiros pola histórica marxinación das distintas administracións, o alcalde priorizou as obras de mellora das estradas provinciais, pola súa importancia na axilidade do tráfico e na seguridade viaria. Entre outras, abordouse a rúa do Souto, a estrada da Besta (Mera-vía Ártabra), a rotonda da Chasqueira, a avenida de Venezuela, o ensache xunto ao Pazo de Lóngora,...

Av. Santa Cristina



Rotonda A Chasqueira



Estrada da Besta



Av. Casares Quiroga



13 hectáreas

Outra das xestións máis destacadas e beneficiosas para o patrimonio municipal foi a obtención gratuitamente de 130.000 metros en Bastiagueiro (valorados en 12 millóns de euros pola Deputación), entre a avenida Che Guevara e o Bosque dos Veciños. Ademais do estadio do INEF, eses terreos albergan un aparcamento de máis de 400 prazas, ampliouse o skatepark, construíuse a pista de patinaxe de velocidade e tamén o multiusos, existindo posibilidades futuras de construción doutros equipamentos previstos polo Goberno municipal.



Un novo obradoiro de emprego permite a contratación de 20 oleirenses en desemprego

Un total de 20 veciños e veciñas de Oleiros en situación de desemprego formaranse en carpintería e xardinería a partir do mes de xuño, durante 9 meses, percibindo un salario de 1.221 euros, máis as pagas extras. Ademais, tras finalizar a formación, terán un contrato nunha empresa por un prazo mínimo de 3 meses.

Será a través dun novo obradoiro de emprego promovido polo Goberno municipal para o

que o Concello recibirá 411.928 euros da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia. A achega municipal será de 40.980 euros.

Con este novo obradoiro, ademais de formar as 20 persoas participantes, procederase a diversos traballos de mantemento e mellora de xardinería e carpintería en distintos espazos públicos, entre outros no Bosque dos Veciños e no Pazo de Lóngora.



O Servizo Municipal de Emerxencias atendeu máis de 460 incidencias en 2025

“ Oleiros ten un servizo para atender as emerxencias dotado de todos os recursos necesarios, que funciona as 24 horas os 365 días do ano. As cifras das actuacións efectuadas durante o ano 2025 constatan o seu bo funcionamento.

En total efectuáronse 468 intervencións, producíndose un notable incremento respecto ao ano anterior debido á maior incidencia dos temporais. Atendéronse accidentes de tráfico, incendios, inundacións, saneamento de fachadas, retiradas de árbores e postes caídos sobre a vía pública, rescate de animais en cantís, rescates no mar...

O Concello realizou durante os últimos anos un forte esforzo inversor. Ademais da creación das actuais instalacións situadas en Iñás, incrementouse o persoal e pasouse a prestar o servizo presencialmente as 24 horas, ademais dun continuo proceso de adquisición de material, vehículos, etc.



A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil busca novas incorporacións

Fundada no ano 1993, a AVPC conta na actualidade con 20 voluntarios e voluntarias que colaboran activamente co Servizo Municipal de Emerxencias, Policía Local e Garda Civil do municipio. O seu labor abrangue unha ampla variedade de actuacións, cun marcado carácter preventivo orientado a garantir a seguridade da cidadanía e minimizar riscos antes de que se produzan situacións de emerxencia. Neste sentido, destacan os dispositivos preventivos en eventos deportivos terrestres e marítimos, a vixilancia ante alertas meteorolóxicas, presenza en festas populares e concentracións multitudinarias, buscas de persoas desaparecidas...

Todas aquelas persoas interesadas en colaborar e formar parte deste equipo poden dirixirse ao correo electrónico avpcoleiros@gmail.com. Non é necesaria experiencia previa. O único requisito é ter ganas de aprender e axudar.

A Romaría das Merendiñas celébrase o sábado 6 de xuño



“ Todas as persoas maiores de 65 anos empadronadas no municipio están convidadas a participar na Romaría das Merendiñas que se celebrará o vindeiro sábado 6 de xuño, a partir das 13:00 horas, nos xardíns das Torres de Santa Cruz. Para poder acceder á festa é imprescindible presentar a invitación que recibiron ou recibirán estes días nos seus domicilios.

O menú será o tradicional composto por empanada, roxóns, chourizo ao estilo Santaia, larpeira e queixo con marmelo. Antes e despois da comida haberá música e baile, coa Banda de música municipal e un dúo.

Un elemento fundamental desta festa é a implicación e participación de numerosas persoas que colaboran desinteresadamente na organización e no desenvolvemento desta romaría, unha axuda imprescindible para que As Merendiñas poidan realizarse.

O Ven e Descubre cumpre 30 anos

“ O programa de excursionismo e sendeirismo para persoas maiores ofrece para este ano un total de 1.265 prazas para excursións e rutas de sendeirismo para veciños e veciñas maiores de 65 anos. Haberá 15 saídas de excursionismo, 8 de sendeirismo e 1 saída de fin de semana completa. O investimento total neste programa é de 91.721,95 euros.

O excursionismo consistirá en itinerarios culturais con visitas guiadas en grupo durante os meses de maio, xuño, xullo e setembro a Lalín e as terras do Deza, á Costa da Morte e ao Salnés. En canto ás rutas de sendeirismo, ofértanse itinerarios pola serra da Cova da Serpe, Baldaio e a Boimorto; así como unha ruta nocturna pola Illa de Sálvora para a observación do ceo.

Para consultar a dispoñibilidade de prazas vacantes, as persoas interesadas poden chamar ao 981 610 000 ou dirixirse ao departamento de Servizos Sociais.



Nos primeiros anos houbo moitas viaxes multitudinarias, para as que se levaban taboleiros, sillas, comida... Co paso do tempo foron producíndose cambios, pero a esencia mantense intacta.


Oleiros, sinónimo de triunfo!



■ **MARCHA NÓRDICA**
Alberto Fidalgo,
campeón de Europa



■ **TAEKWONDO**
Daniela Rodríguez, campioa
de España e Galicia



■ **ATLETISMO**
Hugo Zuluaga, sucampión
de España de 800 metros



■ **JUDO**
Ian Seguin,
subcampión de España



■ **VOLEI**
Hugo Vilariño, subcampión
de España e campión galego



■ **ORIENTACIÓN**
Jana Albarrán, Carla
Somoza e Anxo Somoza,
subcampións de España



■ **SAMBO**
Saúl Camblor,
subcampión de España



■ **XIMNASIA**
Candela Cobián, medalla
de prata en corda na 1ª
fase da Liga Iberdrola



■ **HOCKEY EN LÍNEA**
Teo Fidalgo,
campión galego



■ **FÚTBOL**
Martín Brandón,
campión galego



■ **ATLETISMO**
Laura Ríos, campioa
galega en 60 metros lisos



■ **TENIS**
Paula G. Tenorio,
campioa galega



■ **ATLETISMO**
Sara Zuluaga, campioa
galega en 60 metros
vallas e subcampioa en
60 metros lisos



■ **ATLETISMO**
Xoana Beis, subcampioa
galega en 500 metros e
en salto de altura



■ **ATLETISMO**
Jaime Devesa,
subcampión galego en
5 km en ruta

Lucas Yáñez e Hugo Zuluaga, mellores deportistas da provincia



A Deputación da Coruña distinguiu na gala do deporte provincial a dous deportistas oleirenses polos seus brillantes resultados no ano 2025. Lucas Yáñez recibiu o premio ao mellor deportista do ano e Hugo Zuluaga foi mercedor do premio ao mellor deportista en categorías base.

Os clubs tamén arrasan



■ HOCKEY
Club Hockey Oleiros, campións galegos xuvenís



■ NATACIÓN ARTÍSTICA
Club Acuatic Oleiros, campioas galegas



■ VOLEI
Club Voleibol Oleiros, subcampioas e subcampións galegos en categoría junior



■ REMO
CDM Mera, medalla de bronce no Campionato galego de traíneiras de longa distancia en veteranas



■ FÚTBOL
Xuventude de Dorneda, campioas de liga F7 A Coruña

A Universidade premia ao alcalde en recoñecemento ao seu apoio político e institucional ao INEF

A Universidade da Coruña concedeu ao alcalde Ángel García Seoane o premio Pazo de Prata INEF Galicia en recoñecemento ao seu apoio político e institucional á Facultade de INEF. A actuación do alcalde, xunto co presidente provincial Enrique Marfany, foi determinante para que o INEF se instalase en Oleiros e non en Vigo, como se pretendía.

O reitor da Universidade, Ricardo Cao, e o decano de INEF, Joaquín Fernando Gómez, fixeron entrega do premio no acto de graduación da XVII Promoción do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

Destacados resultados no Campionato de España de Paddle surf

Os deportistas de Oleiros Lara Sambad e Rodrigo Basilio foron campións; Pablo Pérez, Lara Sambad, Daniel Folgar, Iván Puente e Olivia Malingre subcampións; e Eusebio Rodríguez, Daniel Folgar, Eugenia Suárez, Rodrigo Basilio e Daniela Guerreiro acadaron a medalla de prata.



Trump e Netanyahu arderán a noite de San Xoán na praia de Bastiagueiro

O Concello de Oleiros está a preparar unha espectacular falla na que serán queimados os dous individuos que están a poñer en risco extremo á humanidade. Donald Trump e Benjamin Netanyahu son os responsables directos do xenocidio en Gaza, de milleiros de asasinatos por todo o mundo e de conducirnos a unha grave crise económica de dimensións aínda impredecibles, entre moitas outras violacións do dereito internacional.

O lume iniciárase ás 12 da noite, no centro da praia.



LEÑA GRATUÍTA

O Concello porá leña a disposición da veciñanza nas praias. Desta maneira pretende evitarse a contaminación dos areas con materiais ou obxectos que tamén poden provocar danos a bañistas e persoas usuarias das praias.

A Policía Local e Protección Civil realizarán un importante despregue para impedir a queima de elementos tales como palés, sofás e calquera tipo de obxecto que poida conter cravos. Tamén estará prohibida a introdución de botellas de cristal ou calquera elemento que conteña vidro.

Tanto na praia como noutro lugar, é obrigatorio solicitar autorización para realizar unha fogueira. Pode facerse de maneira dixital a través da Sede electrónica ou de forma presencial no Rexistro da Casa do Concello, en ambos casos o prazo finaliza o día 22 de xuño.



Todo listo para unha nova tempada de verán

Para garantir a calidade dos servizos públicos durante o verán, o Concello reforza o cadro de persoal municipal contratando máis de 60 persoas para o Servizo de Salvamento e Socorrismo, Policía Local, turismo, servizo de limpeza de praias, operarios para Servizos Municipais... Ademais, a limpeza das praias pasa de ter periodicidade quincenal a realizarse diariamente.

Os gastos extraordinarios do verán superan os 500.000 euros. Unha parte serán afrontados cos recursos procedentes da ORA, en vigor do 1 de xuño ata o 15 setembro, instalada exclusivamente nas fronteiras das praias, coa fin de fomentar a rotación de vehículos e impedir que os mellores estacionamento estean ocupados todo o día polos mesmos vehículos.

Eclipse total o 12 de agosto

Oleiros será unha das poucas zonas do mundo nas que se poderá visualizar a eclipse solar de forma total, un fenómeno que non sucedía en Galicia desde hai máis de 100 anos.



Horarios

- **19:30 h** Comeza a fase parcial (a lúa empeza a cubrir o sol)
- **20:27 h** Fase de totalidade (o sol queda completamente oculto, faise de noite e baixa a temperatura durante algo máis dun minuto)
- **21:22 h** Remata a eclipse, xusto antes do solpor.

Medidas de protección

- Nunca mirar ao sol directamente nin con radiografías, nin con lentes de sol normais ou nin con cristais afumados.
- Usar unicamente lentes de eclipse homologadas (filtro ISO 12312-2) para evitar queimaduras graves e permanentes na retina.
- Non usar prismáticos nin telescopios sen os filtros solares profesionais axeitados na parte frontal do aparello.
- O Goberno municipal está a traballar conxuntamente coas forzas e corpos de seguridade nun dispositivo especial ante as previsións existentes dunha grande afluencia de persoas. Entre outras medidas que se anunciarán próximamente, haberá restricións á circulación (agás residentes) naquelas zonas máis sensibles.

O Concello recomenda non usar o coche. Oleiros dispón de espazos públicos en todas as localidades para poder contemplar a eclipse sen necesidade de desprazarse en vehículo.





Éxito doutra campaña de animación á lectura

“ O Goberno municipal continúa coa súa política de fomentar o coñecemento, a creatividade e o libre pensamento a través da rede de bibliotecas municipais.


Para cultivar entre a infancia e a xuventude o hábito de ler, ao longo dos últimos meses realizáronse 52 sesións de diferentes actividades infantís, contacontos, concertos, obradoiros en horario de tarde. Polas mañás, o Concello levou ás bibliotecas a 3.157 alumnos/as dos centros de ensino público, que puideron gozar de visitas guiadas, narracións e obradoiros.

Tamén gozan dunha elevada participación os clubs de lectura, con 144 persoas participantes neste momento.

Charla científica na Biblioteca Rialeda

O vindeiro 5 de xuño, ás 18:30 horas, celébrase unha nova charla do programa *Ler para Saber: A CIENCIA*. En concreto será sobre microbioma e saúde e contará coa participación de Margarita Poza Domínguez, profesora de Microbioloxía da UDC e investigadora do Instituto de Investigación Biomédica da Coruña. Esta actividade está dirixida a todos os públicos a partir de 10 anos.

Marta Plaza seleccionada para unha investigación na University College de Londres



Marta Plaza Pedre, estudante de 3º de Biotecnoloxía e veciña de Dorneda formada no Colexio Parga Pondal e no Instituto María Casares, foi seleccionada pola Fundación Barrié para participar no Summer Undergraduate Fellowship Program, unha recoñecida iniciativa que lle permitirá participar en proxectos de investigación biomédica durante 9 semanas nos laboratorios do University College de Londres.

Emma Villamor á Ruta Quetzal



A prestixiosa Ruta Quetzal para a que foron seleccionados 200 estudantes de toda España contará cunha alumna de 4º de ESO do IES Miraflores. Emma Villamor participará nesta expedición grazas aos seus brillantes resultados académicos e aos seus distintos méritos fóra das aulas.

Brillante musical do alumnado do IES María Casares

Despois de meses de traballo, o alumnado de bacharelato do instituto de Bastiaqueiro presentou o seu musical *La ciudad de las estrellas* no auditorio Gabriel García Márquez de Mera. A actuación foi magnífica, demostrando o extraordinario talento, creatividade e arte que se cultiva nos centros de ensino de Oleiros, nos que a especial vocación do profesorado xoga un papel imprescindible.



O talento das escolas artísticas toma parques e teatros

Comezaron as actuacións de fin de curso das escolas municipais de música, danza e teatro.

Unha nova demostración de que ademais da función formativa, a calidade do ensino e a capacidade artística do alumnado permite poñer en escena espectáculos de primeirísimo nivel.



PRÓXIMOS ESPECTÁCULOS

MÚSICA

- **5 DE XUÑO:** Tardes de Cámara, no Parque Romántico de Montrove (17:30 h)
- **14 DE XUÑO:** Roteiro musical por Santa Cruz (todo o día)
- **14 DE XUÑO:** Musical Aladín, na praza Esther Pita (19:30 h)
- **14 DE XUÑO:** Concerto da Big Band, na praza do Castelo (21:00 h)

DANZA

- **13 DE XUÑO:** Lyrical, danzas urbanas e adultos, no auditorio Gabriel García Márquez (12:30 h)
- **19 DE XUÑO:** Danza clásica e contemporánea, no Teatro Colón (20:00 h)

TEATRO

- **9 DE XUÑO:** Mundo gominola e Matilda, no auditorio Gabriel García Márquez (17:00 h)
- **9 DE XUÑO:** Bruxas e Goodtravel, no auditorio Gabriel García Márquez (19:30 h)
- **14 DE XUÑO:** A Peste, no auditorio Gabriel García Márquez (20:00 h)
- **19 DE XUÑO:** O museo dos contos esquecidos, no auditorio Gabriel García Márquez (17:00 h)
- **19 DE XUÑO:** Os soños perdidos, no auditorio Gabriel García Márquez (18:30 h)
- **19 DE XUÑO:** Memorias roubadas, no auditorio Gabriel García Márquez (20:00 h)

O Concello oferta 1.196 prazas para actividades infantís e xuvenís durante o verán

Para ofrecer un amplo abano de posibilidades, adaptado ás necesidades e preferencias de cada fogar, organízanse desde obradoiros e actividades dunha hora ata campamentos de varios días. Entre outras actividades haberá campamentos, excursións a espazos naturais fóra de Oleiros, minicampamentos de 3 ou días, hortas, danza, teatro, kiai, surf, actividades multideporte (que inclúen xogos de orientación, escalada, paddle surf, sendeirismo, bicicleta, rugby, piragüismo ou tiro con arco), artes plásticas, olería, ilustración e cómic, pintura, gravado, graffiti...

Para consultar as posibles prazas vacantes é posible dirixirse á Fábrica ou chamar ao 981 610 000.

As Casas da Mocidade abertas no verán



As Casas da Mocidade de Santa Cruz (rúa Daniel Castelao) e As Pedras (avenida Rosalía Castro) continuarán a disposición de toda a mocidade do municipio durante os vindeiros meses. Ademais de poder acudir a estes centros para usar billar, fútbolín, ordenadores, videoconsola, xogos de mesa, salas de estar, cociña... están programadas numerosas actividades con monitorado:

curso de lingua de signos, obradoiro de cociña, clubs de lectura, curso de graffiti, obradoiro de lettering e customización de roupa, entre moitas outras.

Un verán de festa en festa



As distintas comisións organizarán un verán máis as festas nas súas respectivas localidades. O Concello de Oleiros quere agradecer publicamente unha vez máis o xeneroso traballo e esforzo das persoas que forman estas entidades, que o Goberno municipal apoia facilitando todo tipo de recursos humanos e materiais, cesión dos espazos necesarios, plans de seguridade, instalación de puntos violeta...



■ En Nós, Iñás, Perillo e Oleiros xa celebraron durante a primavera as primeiras festas do ano. Un éxito organtivo e de asistencia en todos os casos.

- DEXO: 12, 13 e 14 de xuño

- NÓS: 27, 28 e 29 de xuño

- DORNEDA: 3, 4 e 5 de xullo

- MERA (Festas do Mar): 17, 18 e 19 de xullo

- MERA (Santa Ana): 25 e 26 de xullo

- LORBÉ: 30 e 31 de xullo e 1 e 2 de agosto

- OLEIROS: 12, 13, 14, 15 e 16 de agosto

- SANTA CRUZ: 20, 21, 22, 23, 24 e 25 de agosto

- IÑÁS: 28, 29 e 30 de agosto

- PERILLO: 5 e 6 de setembro

- MAIANCA (Romaría de San Cosme): 26 de setembro

XI Festival Rúa Ext-cénica, do 17 ao 19 de xullo



Prazas e parques serán o escenario dos artistas e compañías das máis variadas procedencias e disciplinas.

Espectáculos gratuitos para público familiar e adulto.

PROGRAMACIÓN:

VENRES 17 DE XULLO

CIRCO: *La Finestra Nou Circ*. Espectáculo "Pilots". 20:00 h, Parque do Emigrante (Santa Cruz)

CIRCO: *Cia. Orain-Bi*. Espectáculo "Mute". 21:00 h, Praza Esther Pita (Santa Cruz)

SÁBADO 18 DE XULLO

TEATRO: *Teatro Ghazafellos*. Espectáculo "Sherezade, Aladino e os tres beduínos". 20:00 h, Parque José Martí (Santa Cristina)

CONCERTO: *Vangoura*. 21:15 h, Praza Afundida (Santa Cristina)

DOMINGO 19 DE XULLO

MÚSICA INFANTIL: *Lembra Xabarín*. Espectáculo "Concerto tributo Lembra Xabarín". 12:30 h, Parque das Torres (Santa Cruz)

DANZA CONTEMPORÁNEA: *Residencia Paraíso Darío Bardam*. Espectáculo "Proxecto Phantom". 20:00 h, Parque Luis Seoane (Santa Cruz)

XXXII Alfaroleiros: do 6 ao 10 de agosto



Alfaroleiros chega este verán a súa trixésimo segunda edición como a feira de artesanía oleira máis singular, identitaria e natural. Un evento cultural de referencia para toda a comarca que sitúa o Parque Luis Seoane de Santa Cruz como punto de encontro e centro neurálxico da olería tradicional da Península Ibérica.

Como nestes últimos anos, máis dunha vintena de oleiros e oleiras procedentes de diversas zonas do Estado español e do país irmán, Portugal; venderán os seus produtos expostos no céspede do Parque Luis Seoane, convertendo Santa Cruz no epicentro festivo e cultural do Concello de Oleiros durante as primeiras xornadas de agosto.

Paralelamente á feira no mesmo Parque Luis Seoane e na Praza Esther Pita, terán lugar diversas actividades e actos de carácter lúdico-cultural para gozo e lecer da veciñanza e todas as persoas visitantes: concertos, espectáculos de maxia, danza e poesía; cociña e barro, demostracións de olería e concertos de música infantil.

TRIBUNA ABERTA

Unha illa verde e azul

As persoas que entran no territorio de Oleiros comentan experimentar a sensación de chegares a unha illa, despois de traspasar unha fronteira que deixa atrás o modelo edificatorio, tal cal no saco da ría do Burgo, no que se embute a presión á poboación, acumulada en barrios sen apenas espazos públicos para a convivencia.

Todo o contrario que en Oleiros, onde o urbanismo está inspirado na baixa densidade, mesmo en lugares onde a presión da demanda e moi intensa.

O nivel das infraestruturas, servizos e dotacións contribúa tamén a esa sensación de estar vivindo nun lugar extraordinario, cunha calidade de vida diferencial: en corenta e tres quilómetros cadrados hai catro CEIPS, tres institutos, escolarización total con comedores tamén para a etapa 0-3, catro centros médicos, un PAC, centros de estudo medioambiental e de recuperación de fauna, rede de bibliotecas con clubs de

lectura, dous teatros e axiña un gran auditorio, escolas taller, centro de formación e de orientación laboral, residencias da terceira idade e centros de día, centros para a convivencia e desenvolvemento de persoas con disfuncións, unha rede inconmensurable de instalacións deportivas, campos de fútbol "premium", a meirande proporción do Estado en metros cadrados de parque por habitante, áreas de xogos infantís, espazos naturais protexidos, praias con bandeira azul, beirarrúas e carrís bici en todo o territorio, estadio de atletismo, velódromo, pista de skate, centros recreativos para maiores e adolescentes, festas apoiadas polo area de servizos en tódalas parroquias, paseos litorais, sendeiro azul, parque marisqueiro e porto... todo aínda máis potenciado polo clima de colaboración, de facto, entre o goberno municipal e o asociacionismo veciñal. E tamén cos clubs privados. Un idilio que se vive con normalidade desde a concepción de que a cooperación fainos máis fortes.

Por iso cando un entra nesta illa verde e azul, sinte que todo discorre máis amodo, deixa atrás a ansiedade e a percepción do espazo agrándase. Un clima, un xeito de estar no mundo irrenunciable para tódolos oleirenses, de calquera ideoloxía e condición, aínda que a normalización da excelencia chega a perder ás veces a conciencia do privilexio de vivirmos eiquí.

Todo o aquí exposto fai mais rechamante a actitude agresiva dunha oposición política empeñada en subverter a realidade, teimuda, que recoñecen alen das nosas fronteiras. A deriva do PP e, sobre todo, do PSOE no seu xeito de exercer a oposición non pode senón responder a unha egolatría cega, a unha ansia por trepar que, unha vez frustrada, lévaos a buscar fortuna noutros lugares onde non sexa tan evidente o progreso do modelo de benestar. Un modelo, o noso, que vai ser estudado nas escolas de formación en planificación municipal nas décadas vindeiras.

S.C.Q. (Cabreira)

Concello de Oleiros: 981 610 000

Oficina de atención ao veciño • de luns a venres de 8 a 20 h

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Emerxencias Oleiros	981 636 933
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274

C. Recuper. fauna salvaxe	881 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Oficina Turismo	981 904 052

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
EI A Pardela / Os Regos	981 631 788
EI As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EI A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES M ^a Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	881 880 801
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

Bibliotecas

Central Rialada / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
M ^a José Trincado / Mera	981 628 507
M ^a José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
Biblioteca Mediambiental / Pazo de Lóngora	981 630 618

Padrón do Concello distribuído por parroquias ata o 19 de maio

DEXO (Santa María)	1.527
DORNEDA (San Martiño)	3.902
IÑÁS (San Xurxo)	1.317
LIÁNS (Santa Eulalia)	11.434
MAIANCA (San Cosme)	1.744
NÓS (San Pedro)	5.080
OLEIROS (Santa María)	3.484
PERILLO (Santa Leocadia)	9.354
SERANTES (San Xulián)	1.707
TOTAL	39.549

FARMACIAS de GARDA xuño / agosto do 2026

- **OS REGOS** • Avda. Isaac Díaz Pardo, 4: **Do 12 ao 18 de xuño**
- **SANTA CRUZ** • Rúa Viñas de Babilonia, 10: **Do 19 ao 25 de xuño**
- **PERILLO** • Avda. Ernesto Che Guevara, 16: **Do 26 de xuño ao 2 de xullo**
- **LORBÉ** • Rúa Golfiño, 117-A: **Do 3 ao 9 de xullo**
- **IÑÁS** • Avda. das Mariñas, 54, Parque Oleiros: **Do 10 ao 16 xullo**
- **PERILLO** • Rúa Areal 17: **Do 17 ao 23 de xullo**
- **OLEIROS** • Camilo Díaz Baliño, 1: **Do 24 ao 30 de xullo**
- **MERA** • Praza de Miramar, 4: **Do 31 de xullo ao 6 de agosto**
- **PERILLO** • Avda. Rosalía de Castro, 247: **Do 7 ao 13 agosto**
- **NÓS** • Avda. das Mariñas, 247: **Do 14 ao 20 agosto**

TRANSPORTE PÚBLICO: www.bus.gal

Radio TAXI: 981 24 33 33

Quién te ha visto... y quién te ve



No mesmo lugar no que as asociacións republicanas de Nós iniciaran a construción dun local social nos anos 30 do século pasado, a AV Os Rueiros levantou a primeira Casa do pobo do municipio. Posteriormente o Concello foi mellorando e equipando a instalación e creando arredor un gran parque público.

A Casa do pobo de San Pedro de Nós e o Parque da Liberdade son hoxe centro da vida social e cultural da localidade: biblioteca, salón de actos, parque infantil, polideportiva cuberta, cafetería, merendeiro, aula de maiores, centro sociocultural...

PARQUE DA LIBERDADE



40 anos de excelencia



“ A praia de Bastiagueiro é recoñecida a nivel estatal en Valencia polos seus 40 anos consecutivos recibindo a Bandeira Azul

O rigoroso traballo realizado polo Goberno municipal desde o inicio da democracia en canto á conservación do litoral, protección do medio ambiente e ordenación das praias e da súa contorna posibilita a consecución deste destacado recoñecemento. Igual que en anos anteriores, Santa Cristina, Naval, Mera e Espiñeiro tamén recibirán a bandeira azul, igual que o Castelo de Santa Cruz e a Aula do Mar de Mera, en recoñecemento á divulgación do medio ambiente.

Tan só 7 concellos en toda España levan recibindo a bandeira azul desde a súa instauración: 6 de Valencia e Oleiros

Moito máis que unha praia

Bastiagueiro, igual que os outros areais do municipio, dispón dunha calidade de auga excelente para o baño e de todos os servizos necesarios para gozar dos areais con seguridade. Rodeada de parques e numerosos equipamentos públicos é un lugar maravilloso para a convivencia, o lecer e o deporte durante todo o ano.

